

A historia menos contada dos oitenta

O escritor Antonio Tizón presenta "Un home estraño", precuela de "A antesala luminosa", coa que empezou unha saga policiaca que parte da Transición

[Lucía Montáns](#) 18 de outubro de 2018

https://www.laregion.es/comarca-de-ourense/historia-menos-contada-oitenta_1_20181017-3002884.html

O primeiro contacto co comisario Xosé Sánchez Pereiro foi en "A antesala luminosa", pero é agora coñecemos cales foron os feitos que determinaron a súa conduta "corrupta e viciosa", explica Antonio Tizón (A Coruña, 1960), que hoxe presenta en El Cercano, con Manuel Bragado, ás 20 horas, "Un home estraño", a segunda novela desta saga policiaca, que funciona como precuela da primeira.

Esta obra parte de dúas imaxes moi concretas que quedaron grabadas na mente de Tizón: a primeira, a dun home que o escritor viu repetidamente na súa mocidade, cada vez cunha expresión diferente, pero igual de penetrante; a outra, a dun artista de rúa co que a cotío coincidía na súa estancia en Madrid.

Nesa época, Antonio Tizón escribía "unha especie de cantos", que decidín engadir como epígrafe e "están relacionados con un dos personaxes da novela", conta o coruñés, que hoxe interpretará o músico Xosé Constenla.

Un dos aspectos máis importantes desta entrega, da primeira e das que están por vir, é a importancia do contexto histórico: "Elixín a Transición porque foron anos moi complicados, con repetidos golpes de Estado, centos de mortos por terrorismo... Non foi un camiño de rosas como moitos pensan". Tizón considera que está parte da nosa historia foi maltratada, pois "os mozos non saben en que consistiu e é importante que o fagan desde o colexio".

O eixo da bipolaridade

Outro das pretensións de Tizón, como persoa con trastorno bipolar, é conseguir desmitificar a visión romántica das enfermidades mentais. "Moitas xente pensa que se tes un trastorno deste tipo es directamente máis creativo e tes un potencial maior cando, realmente, estamos a falar de problemas que precisan dun tratamento, en moitos casos, toda a vida", conta.

Para trasladar isto ao papel, dota a algún personaxe cunha enfermidade mental e, ademais, repite a estrutura de dobre narrador que xa presentara en "A antesala luminosa".

Por unha banda fala o comisario, cun galego normativo pero con presenza de expresións xa desfasadas, e despois está a xornalista Leticia Muruzábal, cunha linguaxe máis literaria, co que "tamén se mostra a confusión que había na Galicia preautonómica", destaca Tizón.